

Expte. 1469/613

CURSO 2023-2024 CONVOCATORIA XERAL ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

0. NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN

A presente convocatoria realízase ao abeiro da Normativa do **Plan de Estudos 2015** (PEEMAO2015), aprobada pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo na súa sesión de 16/04/2015, que debe consultarse en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/emao16.php> e posteriores modificacións aprobadas na sesión da Xunta Reitora de data 10/12/2015 e na sesión da Xunta de Goberno Local de data 29/04/2016, así como no resto das disposicións específicas municipais que poidan afectar. As normas alí contidas son de directa aplicación á presente convocatoria.

A. OFERTA FORMATIVA

No Anexo I desta Convocatoria Xeral indícanse as especialidades ofertadas pola Escola Municipal de Artes e Oficios para o curso 2023-2024, así como a previsión de outras actividades.

As dúas modalidades ofertadas (en horario de mañá -cos Niveis de Iniciación, Perfeccionamento I e II- e en horario de tarde -cos Niveis Básico, Medio e Superior-, coas singularidades propias de cada especialidade) e o Nivel Avanzado, común ás dúas, conforman o núcleo básico da oferta, que se complementa cos Cursos Monográficos – Escola de Verán que a EMAO oferta ao remate do curso, no mes de xullo, e que se convocará durante o mes de xuño de 2024 para persoas que non sexan alumnas da escola.

Deste xeito, a escola oferta formación gratuíta para o curso 2023-2024, coas especificacións que se indican nesta Convocatoria Xeral, e nos horarios que se indican no Anexo II, nas especialidades de: Pintura, Debuxo artístico, Talla e escultura en madeira, Deseño e encaixe de palillos, Ourivería, Artesanía en coiro, Moda e confección, Construcción artesanal de instrumentos musicais -CAIM- Zanfona, CAIM Gaita e Serigrafía artística.

A especialidade de Cerámica artística, convocarase no momento en que se resolva o correspondente procedemento de cobertura da praza de mestre da especialidade.

B. PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA

1. ALUMNADO DE NOVO INGRESO

1.1 Preinscrición

1. A preinscrición nas prazas ofertadas poderá facerse:
 - **Por internet:** na web-EMAO
<http://hoxe.vigo.org/movemonos/emao24.php> **[opción recomendada]**
 - **Presencial:** na oficina administrativa da EMAO, entregando a tal efecto o impreso de preinscrición que se subministra na mesma.
2. O listado de preinscritos exporase no taboleiro oficial de anuncios da EMAO (en adiante o Taboleiro) e na web-EMAO. Darase un prazo de un día, para presentar reclamacións ao listado.
3. Rematado ese prazo -no caso de que existan máis solicitudes ca prazas ofertadas- realizaranse **probos de acceso** para asignar as prazas, agás nas especialidades de Pintura e Debuxo nas que se asignarán por **sorteo** entre as persoas solicitantes cuxa solicitude sexa válida, conforme ao procedemento que se establece na presente convocatoria.
4. Unha vez finalizados estes procedementos exporase no Taboleiro e na web-EMAO a relación definitiva de persoas seleccionadas, clasificadas por especialidades e cursos.

1.2. Matrícula

1. As persoas finalmente seleccionadas deberán obrigatoriamente, para seren admitidas, formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Oficina administrativa do impreso oficial que se poderá recoller na mesma. Con este impreso deberán aportar copia do DNI ou Pasaporte.
2. A non formalización da matrícula en prazo significará a inmediata baixa, e, consecuentemente, a praza será ofrecida ao/á/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados do sorteo ou probas de acceso.
3. As persoas que gozaran de Excedencia autorizada en cursos anteriores, deberán formalizar a súa matrícula no prazo indicado no apartado C da presente Convocatoria. Esta matrícula queda condicionada á existencia de vacantes na especialidade e no nivel de referencia.

2. ALUMNADO PROCEDENTE DE CURSOS ANTERIORES

2.1 Os listados de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2023-2024, serán publicados no Taboleiro o día 6 de xullo de 2023. A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para o curso 2023-2024.

2.2 O alumnado que curse os estudos dos niveis Medio ou Superior (ou Perfeccionamento I e II, na quenda de mañá), poderá pedir Excedencia, por un máximo de dous cursos académicos, sempre que se solicite nos dous primeiros trimestres do curso (data tope o 31 de marzo). O reingreso posterior estará condicionado á existencia de vacantes no nivel en cuestión.

2.3 **Repetición de curso especialidade de Deseño e encaixe de palillos:** O alumnado con matrícula viva no curso 2021-22 na especialidade de Deseño e encaixe de palillos poderá repetir o curso e matricularse no curso 2023-24 no mesmo nivel que estaba. Para facerse efectiva esta repetición, deberá realizar a confirmación de matrícula.

Confirmación da matrícula Deseño e encaixe de palillos: soamente poderán repetir curso na especialidade de Deseño e encaixe de palillos aqueles/as alumnos/as que confirmen expresamente a súa matrícula nos prazos que se indican na presente convocatoria (data tope, **3 de xullo**). A solicitude de confirmación de matrícula deberase facer soamente por correo electrónico ao enderezo emao@vigo.org, indicando no "Asunto": "Confirmación matrícula-DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS" e no corpo da mensaxe:

- Nome, apelidos e DNI do/a solicitante
- Nivel no que estaba matriculado/a no curso 2020-2021

3. ALUMNADO DE NOVO INGRESO: ACCESO POR CONVALIDACIÓN AOS NIVEIS SUPERIORES E AVANZADO

3.1. Normativa de aplicación:

No apartado 3.3.2.2. da Normativa do Plan de Estudos da Escola (PEEMAO15) indícase que poderá facerse:

"Convalidación de nivel extraordinaria: de xeito excepcional poderán os alumnos (tanto de novo ingreso como matriculados) solicitar a convalidación dun nivel completo dunha especialidade.

Para poder optar a esta posibilidade deberá o interesado presentar unha solicitude motivada na que amose que posúe os coñecementos, aptitude e experiencia abonda

para saltar un nivel. A solicitude será resolta pola dirección do Centro previo informe do mestre da especialidade e da xefatura de estudos.

Se é o caso, poderá esixirse unha proba práctica previa. Esta posibilidade está condicionada á existencia de vacantes no curso que se solicite. En cada convocatoria anual estableceranse, se é o caso, as normas específicas para esta solicitude de convalidación".

En relación con esta norma e no caso de existencia de prazas vacantes nos niveis Medio, Superior e Avanzado e Perfeccionamento I e II nas distintas especialidades, realizarase unha convocatoria extraordinaria para alumnado de novo ingreso, de xeito que persoas que acrediten competencia abonda poidan acceder a estes cursos sen ter que cursar os precedentes previstos no Plan de Estudos (PEEMAO15)".

3.2. Vacantes ofertadas:

O listado de vacantes ofertadas publicarase, nos prazos indicados na presente convocatoria, no Taboleiro da EMAO e web municipal.

3.3. Requisitos dos/as solicitantes

- As persoas solicitantes deberán acreditar, polos medios que se recollen nesta convocatoria, ter a competencia abonda para poder convalidar os coñecementos e aptitudes propios dos niveis Básico e/ou Medio (ou Iniciación e/ou Perfeccionamento I, na quenda de mañá) da especialidade dada na EMAO.
- Esta acreditación poderá facerse cumprindo un ou varios dos seguintes requisitos:
 - Estudos previos acreditados da especialidade ou disciplinas afíns convalidables en calquera centro.
 - Ter aprobado o curso Básico (ou Iniciación) ou Medio (ou Perfeccionamento I) da especialidade no seu día na EMAO sen rematar o restos dos niveis.
 - Ter experiencia demostrable no sector correspondente á especialidade.
- Non poderán acceder persoas matriculadas no curso 2023-24 na EMAO.
- No caso de existiren máis solicitudes que vacantes, terán preferencia, entre os que cumpran as condicións, aquelas persoas empadroadas en Vigo.
- Para o acceso ao **Nivel Avanzado por Convalidación**, os/as solicitantes deberán aportar un anteproxecto do traballo que propoñen realizar en réxime de titoría (ver convocatoria nivel Avanzado curso 2023-24 na web da EMAO (<https://hoxe.vigo.org/movemonos/emao24.php>)).

3.4. Acreditación de cumprimento dos requisitos:

- En tódolos casos deberá presentarse un currículum vitae da persoa solicitante, salientando aqueles aspectos que teñan relación coa especialidade.
- Perfil profesional comprobable en redes sociais, se é o caso, indicando os enderezos de referencia en internet
- Os estudos previos con certificación do centro no que os cursaron, con indicación dos contidos do programa e horas totais.
- A experiencia acreditarase con informe do centro de traballo, taller artesano ou estudio na que a exerceran, con indicación do tipo de tarefas realizadas e tempo total.
- A EMAO poderá realizar, para a admisión definitiva, unha entrevista e/ou proba práctica aos/ás solicitantes.
- Anteproxecto do traballo proposto cando se queira acceder ao Nivel Avanzado.

3.5. Presentación de solicitudes de Convalidación:

As solicitudes de acceso por Convalidación realizaranse mediante a remisión de un correo electrónico a emao@vigo.org, no que se concretará a especialidade e nivel ao que se opta e se achegará a documentación indicada nos puntos 3.3 e 3.4 desta convocatoria. O prazo para a súa presentacións será do **11 de xullo** ao **8 de setembro** de 2023.

C. PRAZOS

Do 14 ao 16 de xuño: matrícula de persoas que gozaran de Excedencia en cursos anteriores.

Do 22 de xuño ata o 8 de setembro: Preinscrición alumnado de novo ingreso (só internet).

Do 22 de xuño ata o 31 de xullo e de 1 a 8 de setembro: Preinscrición alumnado de novo ingreso (presencial) (agosto pechado).

29 de xuño: Listado de alumnado apto no curso 2022-2023.

3 de xullo: prazo para confirmación matrícula por repetición alumnado de Deseño e encaixe de palillos que estaba matriculado no curso 2020-21

6 de xullo: Listados provisionais de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2023-2024.

10 de xullo: Listado de vacantes existentes por especialidades e niveis, e oferta de prazas para Convalidación.

11 de xullo ata o 8 de setembro: presentación de solicitudes de acceso por Convalidación

12 de setembro: Publicación listados solicitantes novo ingreso.

15 de setembro: sorteo para inscrición de alumnado de novo ingreso (só especialidades de Pintura e Debuxo artístico) ás 12,00h da mañá, na Biblioteca da EMAO.

18 de setembro: Comezo do curso dos niveis Medio, Superior, Avanzado e Perfeccionamento I e II de todas as especialidades.

13-19 setembro: Celebración das probas de acceso, no/s día/s concretos que publicamente se indiquen nos primeiros día de setembro.

22 de setembro: Listas de admitidos de novo ingreso despois do sorteo e probas de acceso.

25-29 de setembro: Matrícula alumnado novo ingreso.

2 de outubro: Comezo do curso alumnado de novo ingreso.

CADRO RESUMO COS PRAZOS DA CONVOCATORIA XERAL DO CURSO 2023-2024

Procedemento	Xeral	Alumnado curso anterior	Alumnado novo
Solicitude de praza			22 de xuño - 8 de setembro
Listado alumnado apto		29 de xuño	
Confirmación matrícula Deseño e encaixe de palillos de alumnado do curso 2021-2022		Ata 3 de xullo	
Listado alumnado curso 23-24		6 de xullo (*)	
Listado de vacantes / Oferta prazas Convalidación	10 de xullo		
Solicitude de praza por Convalidación			11 de xullo – 8 de setembro
Listado solicitantes			12 de setembro
Sorteos, no seu caso			15 de setembro
Probas, no seu caso			13 - 19 de setembro
Publicación listado admitidos			22 de setembro
Matrícula		6 de xullo (*)	25 - 29 de setembro
Comezo do curso		18 de setembro	2 de outubro

(*) Tal e como se indica no punto B.2.1 desta Convocatoira, "A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para o curso 2023-2024"

A matriculación na EMAO implica a aceptación plena dos programas, horarios e Normativa que rexen a actividade da Escola.

D. HORARIOS DE ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

Lugar: Edificio principal da EMAO, rúa García Barbón, 5.

Administración, información: de 10,00 h a 14,00 h, laborables de luns a venres (agosto, pechado).

Información:

- ✓ Blog EMAO EN LIÑA: <https://emaonlinecovid.blogspot.com/search/label/Administración>
- ✓ Web-EMAO: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7>.

- ✓ Correo electrónico: emao@vigo.org
- ✓ Tfno.: 986228088.

E. SORTEO ALUMNADO DE NOVO INGRESO (Só para Pintura e Debuxo artístico)

1. No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, farase un sorteo público que se rexerá conforme ao seguinte:
2. Terá carácter público e será presidido por unha mesa composta por:
 - x Xefa do Servizo de Educación ou persoa na que delegue.
 - x Secretario/a Xeral do Concello, ou persoa na que delegue.
 - x Un funcionario adscrito á Unidade Administrativa da EMAO, nomeado pola Xefa de Servizo de Educación.
3. O sorteo celebrarase mediante sistema aleatorio informático. Faráse un sorteo por cada unha das especialidades.
4. O/a Secretario/a levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na web-EMAO.
5. Os listados do sorteo serán, a todos os efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo do primeiro trimestre do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

F. REQUISITOS DAS SOLICITUDES E SOLICITANTES

1. Só se poderá presentar un impreso de solicitude por persoa.
2. Poderá solicitarse a preinscrición, como máximo, en dúas especialidades das ofertadas.
 - Esta posibilidade figurará no apartado correspondente do impreso único de preinscrición, sen que supoña orde de preferencia.
 - De resultar seleccionado/a en máis de unha especialidade, ben como resultado do sorteo/proba, ben como consecuencia da existencia dun maior número de prazas que de solicitantes, só poderá matricularse nunha delas.
 - A matrícula nunha especialidade supón a eliminación automática nas listas de agarda das outras especialidades solicitadas.
3. O alumnado procedente do curso 2022-2023, matriculado no nivel que lle corresponda no curso 2023-2024, non pode facer solicitude de preinscrición noutra nova especialidade.
4. Serán nulas aquelas solicitudes de preinscrición que non cumpran o sinalado nos apartados 1, 2 e 3 precedentes ou que incumpran o apartado 3 da Normativa do Plan de Estudos (PEEMAO2015) [http://hoxe.vigo.org/pdf/educacion/emao/emao_plan_estudios_arq3.pdf]; en consecuencia, non poderán ser, en ningún caso, seleccionadas.
5. En caso de non existir prazas abondo para o número de solicitantes, terán preferencia absoluta aqueles empadroados no Concello de Vigo (persoas dadas de alta efectiva no Padrón municipal o máis tardar o último día do prazo de solicitude -8 de setembro de 2023-).
6. A formalización da matrícula implica a plena aceptación polo alumno/a do Plan de Estudos 2015 (PEEMAO2015), aprobado pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015), e as modificacións correspondentes aprobadas pola Xunta Reitora e a Xunta de Goberno Local e demais normas de funcionamento vixentes.
7. No non disposto nesta convocatoria, estarase ao que dispoña o PEEMAO2015 e á legalidade vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas, así como ás normas que emita a dirección do Centro e que se farán públicas en cada momento no Taboleiro e web-EMAO.

G. PRAZAS DE NOVO INGRESO QUE SE OFERTAN CURSO 2023-24 (*)

Especialidades	Horario tarde	Prazas	Horario mañá	Prazas
Pintura	Básico	20	Iniciación	20
Debuxo artístico	Básico	20	Iniciación	20
Talla e escultura en madeira	Básico	15	Iniciación	15

Deseño e encaixe de palillos	Básico	15	Iniciación	15
Ourivaría	Básico	15		
Artesanía en coiro	Básico	15	Iniciación	15
Moda e confección	Básico	15	Iniciación	15
CAIM Zanfona	Básico	8	Iniciación	4
CAIM Gaita	Básico	8		
Serigrafía artística	Básico	15		

(*) A oferta de prazas de alumnado de novo ingreso a cursos superiores por Convalidación publicarase o 10 de xullo

H. CALENDARIO ESCOLAR

Comezo do curso:

18 de setembro de 2023 (alumnado procedente de cursos anteriores)

2 de outubro de 2023 (alumnado de novo ingreso)

Remate: 28 de xuño 2024

Días non lectivos: no que non sexa contradictorio coas datas de inicio e fin de curso da EMAO sinaladas, serán aqueles recollidos no calendario Escolar oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, agás os correspondentes ás vacacións do Entroido, que serán lectivos na EMAO. Ao comezo do curso informarase ao alumnado dos dous días discrecionais a maiores que, se é o caso, serán non lectivos por festa local.

I) MATERIAS COMPLEMENTARIAS

Agás nos cursos que se desenvolven en horario de mañá, para o alumnado matriculado en horario de tarde, será obrigatorio cursar as materias complementarias que, se é o caso, figuren para cada especialidade e nivel no horario oficial para o curso 2023-2024.

K) HORARIOS ALUMNADO:

Véxase ANEXO II desta convocatoria.

INFORMACIÓN E ADMINISTRACIÓN

Unidade Administrativa da EMAO.

EMAO. Avda García Barbón, 5 –36201 VIGO.

De luns a venres, laborables, de 10,00 a 14,00 horas (agosto pechado)

Teléfono: 986 228 088

Correo-e: emao@vigo.org

Internet: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7.php>

<https://emaonlinecovid.blogspot.com/>

ANEXO I. OFERTA FORMATIVA EMAO CURSO 2023-2024

1) Para o curso 2023-2024, a EMAO oferta as seguintes especialidades (*), nos seguintes itinerarios:

Especialidade	Itinerario						
	Mañá			Tarde			Común
	Iniciación	Perfeccionamento I	Perfeccionamento II	Básico	Medio	Superior	Avanzado
Pintura	X			X	X	X	X
Debuxo artístico	X			X	X	X	X
Talla e escultura en madeira	X			X		X	X
Deseño e encaixe de palillos	X			X		X	X
Ourivaría			X	X		X	X
Artesanía en coiro	X			X		X	X
Moda e confección	X			X		X	X
CAIM Zanfona	X	X		X		X	X
CAIM Gaita		X	X	X		X	X
Serigrafía artística			X	X		X	X

(*). A especialidade de **Cerámica artística** convocarase no momento en que se resolva o correspondente procedemento de cobertura da praza de mestre da especialidade

2) Durante o mes de xuño de 2024, ofertaranse os Cursos Monográficos da EMAO que, para aquelas persoas interesadas que non sexan alumnas da escola, se desenvolverán durante o mes de xullo.

ANEXO II. HORARIOS POR ESPECIALIDADES

PINTURA

Especialidade: 175 horas/curso; tres anos, currículo normal 525h, Currículo extendido (con Avanzado: 70 horas/curso): 595 h..

Materias complementarias: Historia da Arte (para Medio, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h) e non teñen complementarias.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior A	Medio	Básico	Superior B	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

A complementaria de **Debuxo** para o nivel Básico terá lugar na primeira hora e media de clase durante o primeiro trimestre.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

DEBUXO ARTÍSTICO

Especialidade: 175 horas/curso; tres anos, currículo normal 525h, Currículo extendido (con Avanzado: 70 horas/curso): 595 h..

Materias complementarias: Historia da Arte (para Medio, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Medio	Superior A	Superior B	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

A complementaria de **Debuxo** para o nivel Básico terá lugar na primeira hora e media de clase durante o primeiro trimestre.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia da Arte (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h).

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--------------	------	--------	----------	-------	--------

10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado de nivel Básico terá, na primeira hora e media de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo técnico**, que impartirá a mestre titular da especialidade. A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

OURIVARÍA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Perfeccionamento II		Perfeccionamento II	
12.00-14.00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado de nivel Básico terá, na primeira hora e media de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo técnico**, que impartirá a mestre titular da especialidade.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

ARTESANÍA EN COIRO

Nº alumnos máximo especialidade: 64

Os cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Curso extraordinario: un ano, 350 horas
ctiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00					Iniciación
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

MODA E CONFECCIÓN

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

CONSTRUCCIÓN ARTESANAL INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): ZANFONA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h (máis 35h de complementarias, total horas currículo normal: 735; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso): 805h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Complementarias Básico: Debuxo técnico (30h), Historia da música galega (30h, incluídas no horario do obradoiro). **Complementarias Superior:** Técnica instrumental (35h)

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Iniciación / Perfeccionamento I

16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Avanzado / Titoría Técnica instrumental
-------------	----------	--------	----------	--------	---

No caso de coincidiren unha clase complementaria con horario de obradoiro, o alumno deberá asistir á clase complementaria.

O horario das clases de Debuxo técnico para CAIM Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

O nivel Superior terá tamén os venres, de 16:00 a 17:00 Técnica Instrumental.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

CONSTRUCCIÓN ARTESANAL INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): GAITA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h (máis 35h de complementarias, total horas currículum normal: 735; currículum extendido (con Avanzado, 70h/curso): 805h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Complementarias Básico: Debuxo técnico (30h), Historia da música galega (35h, incluídas no horario do obradoiro). **Complementaria Superior:** Técnica instrumental (35h)

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento I / Perfeccionamento II
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Avanzado / Titoría Técnica instrumental

No caso de coincidiren unha clase complementaria con horario de obradoiro, o alumno deberá asistir á clase complementaria.

O horario das clases de Debuxo técnico para CAIM Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

O nivel Superior terá tamén os venres, de 16:00h. a 17:00 h. Técnica Instrumental.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículum extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Serigrafía (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento II
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado do **nivel Básico** terá, nas dúas primeiras horas de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo**, que impartirá o mestre titular da especialidade.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.